



## Especial Letras Galegas, 2017



Xoán Bernárdez Vilar

É dende 1963 que se vén conmemorando coma festa das Nosas Letras, ou Xubileu da Nosa Cultura, o día 17 de maio de cada ano. A data fora proposta polo académico Francisco Fernández del Riego (1913-2010), e aceptada pola RAG, en base a que o 17 de maio dese ano cumpríase o centenario do intre no que Rosalía de Castro asinara, cunha especial dedicatoria para a poetisa Fernán Caballero —pseudónimo de Cecilia Böhl de Faber y Larrea (1776-1877)—, un dos exemplares de *Cantares Gallegos*, por aqueles días saído da Imprenta de Juan Compánel, en Vigo: «*por haberse apartado algún tanto, en las cortas páginas en las que se ocupó de Galicia, de las vulgares preocupaciones con las que se pretende manchar mi País*».

Como consecuencia, o 17 de maio daquel 1963 conmemorouse xa, e por primeira vez, a festividade, que na súa primei-

ra edición se dedicou, precisamente, a María Rosalía Rita de Castro (1837-1885). Dende entón houbo outras 53 conmemoracións, en louvanza cadansúa dos máis sobranceiros autores que o país tivo, dende os que poderíamos considerar como pioneiros, Afonso X o Sabio, Johan de Cangas, Mehendiño e Martín Codax, que escribiron as súas obras hai máis de oitocentos anos, ata o máis recente, Carlos Casares Mourinho (Ourense, 1941 - Nigrán, 2002), ao que se lle dedicou a Celebración do presente ano 2017.

Deste autor, do que sempre se destacou o seu compromiso plural e anovador coa literatura, así como a súa capacidade de chegar aos lectores novos, temos que dicir que estivo moi relacionado coa bisbarra da Limia, que estudou tanto nun Seminario, coma na USC, que foi académico, Director da Editorial Galaxia, presidente do Pen Club de